

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 14 de setembro de 2015 pola que se adhíren catro entidades financeiras ao Convenio de colaboración para a habilitación dun programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas, suscrito coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Re-solve 2015).*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 10 de abril de 2015, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras do programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Re-solve 2015). As ditas bases foron publicadas mediante Resolución do 5 de xuño de 2015 (DOG núm. 114, do 18 de xuño).

Xunto co texto das ditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

Con datas do 23 de xuño, 25 de xuño, 9 de xullo e 15 de xullo de 2015 ratifícase a adhesión das seguintes entidades financeiras: Banco de Sabadell, S.A., Targobank, S.A., Bankinter, S.A. e Caixabank, S.A., polo que cómpre facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12.a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, e do artigo 11.1.a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Igape,

RESOLVO:

Engadir as entidades financeiras Banco de Sabadell, S.A., Targobank, S.A., Bankinter, S.A. e Caixabank, S.A. á relación de entidades financeiras adheridas ao Convenio de colaboración para a habilitación dun programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas, asinado o 5 de xuño de 2015.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2015

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

